


**(S8) 8ª MOSTRA DE CINEMA PERIFÉRICO. PROGRAMACIÓN NA SEDE DA
FUNDACIÓN LUIS SEOANE**

INSTALACIÓNS E EXPOSICIÓNS

Xisela Franco

Interior, exterior, durante. Instalación

Inauguración: luns 29 de maio, 20:00 horas. Ata o 14 de xuño.



A xanela dunha casa, unha paisaxe da costa galega, o transcórrese da vida: eses son os elementos da primeira capa visible da película-instalación de Xisela Franco, na que a través desas vistas documenta un día enteiro en oito horas. A segunda capa vén do audible: no transcurso do día visible, a través do son pasan os primeiros anos de desenvolvemento cognitivo da filla da artista desde o seu nacemento. A intimidade da autora, o seu fogar, envolven así o espazo exterior: a duración externa compásase coa interna e persoal. Á primeira hora da mañá, cando amence na xanela, a nena emite sons previos á linguaxe, chora. Ao longo do día vai evolucionando cara á articulación das súas primeiras palabras para culminar na case completa adquisición da linguaxe no ocaso. Unha peza que non só é unha reflexión ao redor das ideas de interior e

exterior, á duración e ao paso do tempo, senón tamén ao redor da maternidade e a súa relación cos procesos creativos. Na antesala da inmersiva instalación de Franco poderase ver tamén, a modo de apoio e extensión desta idea, o seu autorretrato *Vía Láctea* (2013), no que o seu propio corpo espido aleitando á súa filla serve de pantalla a unha proxección en 16mm de película pintada por ela mesma.

María Cañas

Videoinstalación *Risas en la Oscuridad*

Videoguerrillas Recentes

Inauguración: luns 29 de maio, 20:00 horas. Ata o 14 de xuño



Nesta edición dedicada ao *found footage* era impensable que faltase María Cañas, referente absoluto (e incendiario) da apropiación neste país. A Arquiveira de Sevilla, a Virxe Terrorista do Arquivo, iconoclasta audiovisual, salvaxe mediática, regresa oito edicións máis tarde ao (S8) cunha videoinstalación, *Risas en la oscuridad*, á que serven de antesala as súas máis recentes videoguerrillas, *La mano que trina*, *EXPO LIO'92* e *Cumbia Against the Machine*.

Agradecementos: María Cañas

Risas en la oscuridad

María Cañas, 2015, videoinstalación a tres pantallas, 8 min.

Unha homenaxe a todas as irmás bruxas, queimadas e rexurdidas das súas cinzas. Mostrario de diferentes arquetipos cinematográficos de feminidade que se rebelan ante o establecido. Mulleres que se autoexorcizan e combustionan nunha catarse de lume. (María Cañas)

La mano que trina

María Cañas, 2015, vídeo, 12 min.

A vida é iso que pasa mentres miramos o móbil. Pronto non necesitaremos ler nin falar, bastaranos con saber ouvear. A man que trina é un mostrario-rebelión sobre o lado escuro da tecnoloxía, a “tecno-paranoia”, a relixión do selfie, as “tecnopatías”, a demencia dixital, a obsolescencia programada, a e-waste, o “poshumanismo”... (María Cañas)

Cumbia Against the Machine

María Cañas, 2017, vídeo, 4 min.

EXPO LIO'92

María Cañas, 2017, vídeo, 40 min.

Dúas videoguerrillas que xorden ao redor da exposición Arte e Cultura en torno a 1992 do Centro Andaluz de Arte Contemporánea (CAAC). Unha revisión crítica, con motivo do seu 25 aniversario, ás implicacións da Expo'92, acontecemento que cambiou a cara de Sevilla. *Cumbia Against the Machine* é “unha cacotopía “pachangapocalíptica” sobre a EXPO'92. Mandas de zombies en desbandada, ruínas modernas vandalizadas, custosas construcións deterioradas que languidecen nun estado de deplorable abandono e que se reencarnan na Torre Pelli e nas Setas”. *EXPO LIO'92*, pola súa banda, “aborda entre outras cuestións o cruzamento de culturas e o choque de civilizacións, a invasión e saqueo de América en 1492, a construción social da violencia, a contrahistoria e a intrahistoria, as transformacións que sufriu Sevilla coa EXPO'92, a Illa da Cartuja como un feito esóxeno a Sevilla, o malgasto e ladroízo durante a EXPO'92 e o *bluff* Cartuxa 93, a política dos macroeventos, os movementos contra a EXPO'92, a ferida colonial...”

Aldo Tambellini

Atlantic in Brooklyn. Tras o fin dunha era

Inauguración: luns 29 de maio, 20:00 horas. Ata o 14 de xuño



A principios dos anos setenta, a efervescencia do Lower East Side comezou a decaer. A imposibilidade para manter economicamente The Gate Theater e The Black Gate obrigaron a Tambellini a abandonar o barrio. O seu novo estudio atopábase en Brooklyn, na intersección entre as avenidas Flatsbush e Atlantic. Actualmente, neste lugar álzase o mastodóntico Barclays Center, obra que veu concluír o proceso de xentrificación desta zona. Porén, en 1971 a imaxe que se podía ver era moi diferente. Neste tempo, Tambellini sofre unha serie de problemas na visión e ten a certeza de que vai quedar cego. É entón cando o seu traballo toma un novo rumbo deixando atrás o cinema sen cámara e os traballos con tubos catódicos. Agora, o impulso de mirar apaixonadamente a súa contorna máis próxima lévao a rexistrar desde a súa xanela a coreografía dun mundo que desaparece.

Programa e notas a cargo de Helena Girón e Samuel Delgado

Albert Alcoz e Blanca Viñas

A noite inventada


Xoves 1 de xuño, 23:00 horas



A sección *Desbordamentos* ábrese este ano con esta proposta cinematográfica en directo elaborada conxuntamente pola fotógrafa Blanca Viñas e o cineasta Albert Alcoz. *A noite inventada* aúna fotografías e películas nunha experimentación artística que pon en diálogo tratamentos ópticos, filtros de cores, procesos fotoquímicos, intervencións plásticas, sonoridades e múltiples proxeccións. Rexistrar escenarios exteriores, documentar procesos creativos e pintar sobre celuloide son os puntos de partida dun conxunto de pezas que reflexionan sobre a natureza da imaxe estática e da imaxe en movemento. Para facelo, os artistas interrelacionan consideracións estéticas relativas ás dicotomías abstracción/figuración, silencio/ruído, cor/branco e negro, positivo/negativo. Proxeccións de fotografías, filmacións en super 8, diapositivas pictóricas e filmes en 16 mm realizados sen cámara forman o núcleo da sesión.

Sally Golding

Venres 2 de xuño, 23:00 horas



A australiana Sally Golding leva desde 2004 presentando polo mundo enteiro os seus intensos traballos, que se moven ao redor dunha constante investigación sobre os límites da percepción e as alucinacións, e que se materializan entre o trazo e o terror nas humillantes experiencias físicas e psicolóxicas que pon en marcha. O son óptico dos proxectores de 16mm é un dos alicerces do seu traballo performativo, do que poderemos ver dúas mostras. Por unha banda, *Ghost – Loud + Strong*, que ten como punto de partida un flexidisc cunha gravación sobre regresións a vidas pasadas. A través da combinación doutros elementos sonoros coa gravación, transferida a 16mm, coa imaxe oscilante resultado deste traballo, e con outros dispositivos visuais activados en directo, Golding leva o espectador para ver visións infectadas polo subtexto fantasmagórico das gravacións. En *Light Begets Sound*, un dos seus últimos traballos, a luz xesta o son como o seu propio título indica. O feixe de luz do proxector de 16mm sen película, flashes de cámaras, luces LED, dispositivos de audio sensibles á luz, software feito a medida, un obturador especial e unha luz estroboscópica de laboratorio constitúen parte do arsenal óptico e auditivo co cal Sally Golding nos levará alén das portas da percepción.

Ghost – Loud + Strong

Sally Golding, 2012, 2 proxectores de 16mm, loop de 16mm, obturador rotativo, estrobo de laboratorio, oscilador, 15 min aprox.

Light Begets Sound

Sally Golding, 2016, 2 proxectores de 16mm, obturadores de cor motorizados, flashes de cámara, dispositivos sonoros, mesa de mesturas, dispositivo de audio sensible á


luz Lerango Drone de Phantom Chips, software de control de audio e luz de Spatial, 25 min aprox.

Nominoë

Parallax

Sábado 3 de xuño, 22:30 horas

Filme performance con proxectores de 16mm, dollies, son directo e outros materiais, 2017, 25 min.




O colectivo Nominoë leva desde o ano 2000 centrando a súa práctica artística no cinema expandido e na filme performance, con especial atención sobre o soporte fílmico analóxico. Nicolas Berthelot, Alexis Constantin e Emmanuel Lefrant (xunto con Stéphane Courcy di Rosa) son o núcleo duro de Nominöe, "formación de xeometría variable", como eles mesmos se describen. Xuntando son, imaxe e experiencia, Nominoë crean eventos únicos que rompen as dimensións coñecidas do cinema. *Parallax*, o seu máis recente traballo, céntrase na noción de espazo no cinema. Os proxectores móvense pola sala con dollies, evocando tamén o espazo de rodaxe. A superficie plana convértese en tridimensional a través do xogo coas pantallas, o espazo e a imaxe proxectada -obxectos xeométricos de cor debuxados en perspectiva. O feixe de luz desvíase, reflicte e pasa por lentes, queda suspendido por diversos dispositivos para construír un espazo escultórico, un campo de visión cubista no cal os movementos dos proxectores permiten ao espectador percibir simultaneamente distintos ángulos. Ángulos de visión, pero tamén de audición: o son amplificado do que sucede na sala tamén é obxecto e actor desta experiencia inmersiva na que nos sumirá Parallax.

Aldo Tambellini

Moondial. Electromedia performance

Sábado 3 de xuño, 23:15 horas



No piso superior de The Gate Theater Aldo Tambellini creou, xunto a Otto Piene, un espazo aberto para a experimentación multimedia chamado The Black Gate. Alí, desenvolveron performance artistas como Nam June Paik, Charlotte Moorman, o grupo USCO, David Behrman, Takehisha Kosugi, Hans Haacke, Yajoi Kusama ou Joe Jones entre moitos outros.

Música, danza, cinema e lumagramas (diapositivas que Tambellini devastaba ou pintaba creando hipnóticas circunferencias na escuridade) mesturábanse nas súas Electromedia Performances. Nestas intervencións transformaba o espazo coa intención de que a diferenza entre arte e vida quedase eclipsada por unha brutal experiencia colectiva.

Moondial realizouse por primeira vez en 1966. Tambellini, que fora admirador e despois amigo da bailarina Beverly Schmidt, propúxolle participar xunto ao batería Lawrence Cook nesta electromedia performance na que a luz e a escuridade invocaban ao universo.